



INFORME DE LEGALIDADE DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA.

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente anteproxecto de Lei do Patrimonio de Galicia establecer o réxime xurídico aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e a restauración do patrimonio natural e da biodiversidade. Esta nova lei substituirá a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

2. Marco normativo e competencial

A nivel comunitario o marco normativo de referencia é o establecido pola Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres -"Directiva Hábitats"- e a Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres -"Directiva Aves". Estas dúas directivas son a base da Rede Natura 2000, unha rede ecolóxica europea de áreas de conservación da biodiversidade que consta de Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) designadas en virtude destas directivas.

A Constitución atribúe ao Estado, no seu artigo 149.1.23, competencia exclusiva para ditar a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, establecendo que as comunidades autónomas poderán establecer normas adicionais de protección.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade desenvolve o mandato comunitario a nivel estatal e establece o réxime xurídico básico da conservación, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade, de acordo cos deberes incardinados no artigo 45 da Constitución.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias exclusiva no que atinxe a normas adicionais en materia de protección do medio ambiente e da paisaxe, de acordo co disposto no artigo 27.30 do seu estatuto.





En consecuencia, e dentro dos límites marcados pola lexislación básica estatal, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia para aprobar unha regulación en materia de conservación do patrimonio natural que responda aos seus propios intereses.

De conformidade co anterior, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a consellería competente en materia de medio ambiente en virtude das competencias outorgadas no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en relación co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente por el Decreto 106/2018, de 4 de outubro.

Polo demais, e no que fai competencia para a aprobación do anteproxecto de lei sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral de do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

3. Principios de boa regulación

De acordo co artigo 129.1 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a adecuación os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia xustifícase na exposición de motivos da presente lei.

Así mesmo, obsérvase o cumprimento do resto do mandato contido no artigo 129 da Ley 39/2015:

- En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a xustificación da necesidade normativa e os fins perseguidos figuran na memoria xustificativa.
- O anteproxecto respecta a lexislación básica comunitaria e estatal na materia, garantindo o principio de seguridade xurídica.

4. Estrutura do proxecto normativo

O anteproxecto de lei consta de 136 artigos agrupados en catro títulos, cinco disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha derogatoria e catro disposicións derradeiras.





5. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O 15 de decembro de 2018 iniciouse o proceso de elaboración da norma ao expoñer na páxina de Transparencia a consulta pública previa deste anteproxecto.

Constan no expediente os seguintes trámites:

- Acordo de inicio (art. 6 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia).
- Memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade e sobre a adecuación da iniciativa aos principios previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico.
- Memoria económico-financeira.
- Publicidade nos termos previstos no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Trámite de audiencia a determinadas administracións, corporacións ou entidades.
- Informe sobre os trámites de consulta pública e audiencia, no que se analizan as alegacións presentadas.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos.
- Informe sobre impacto de xénero.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

6. Legalidade

Trala emisión do ditame preceptivo polo Consello Económico e Social, consonte co establecido no artigo 5.1.1.a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello





Económico e Social de Galicia, por tratarse dunha norma que regula materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, o anteproxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular desta Consellería e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, para a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia para a súa definitiva aprobación.

De acordo co indicado considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, compróbase que se cumpriron tódolos tramites preceptivos, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica

(documento asinado dixitalmente)

Carmen Bouso Montero

